

PREGUNTAS FRECUENTES (FAQ)

CONSULTA PRELIMINAR AO MERCADO DO PROGRAMA: CENTRO GALEGO DE SOLUCIÓNS INNOVADORAS EN TORNO Á CADEA DE VALOR DO H2 VERDE

Data versión	Versión
12/09/2023	Primeira versión do documento (preguntas 1 a 15)

Se tes algunha consulta relacionada co proceso de consultas ou con algún dos retos, consulta o documento de Preguntas Frecuentes e, se non foi previamente contestada, podes formulala a través do correo: cpi.industria@xunta.gal

1. A quen vai dirixida esta Consulta Preliminar ao Mercado?

A convocatoria é aberta e diríxese a persoas físicas ou xurídicas que teñan intención de colaborar coa Secretaría Xeral Técnica, na presentación de propostas de solución, tanto na súa definición e alcance, como no seu desenvolvemento e innovación tecnolóxica. En calquera caso, cada unha das persoas interesadas deberá asumir os eventuais custos derivados da súa participación.

2. Cal é o obxecto desta Consulta Preliminar ao Mercado? Quen é o organismo encargado da CPM?

A Consulta Preliminar do Mercado ten como obxecto promover a participación de persoas físicas ou xurídicas, para a presentación de propostas de solución innovadoras que poidan dar solución aos retos expostos no anexo I da presente convocatoria (dispoñible no perfil do contratante) mediante a utilización de tecnoloxías que superen as prestacións das existentes actualmente no mercado.

Concretamente preténdese que, a partir dos resultados da Consulta Preliminar do Mercado, se poida contar co coñecemento suficiente sobre as solucións máis innovadoras que o mercado podería desenvolver para definir as especificacións funcionais que permitan a innovación e sexan factibles de alcanzarse e para avaliar as capacidades do mercado.

3. Poden presentarse propostas de forma conxunta?

Si, é posible. Cando unha proposta de solución se presente de forma conxunta por un grupo de persoas ou entidades deberá identificarse aquela que as represente, a efectos de interlocución co Órgano de Contratación.

4. Podo presentar varias propostas?

Admitirase a presentación de varias propostas de solución por unha mesma persoa física ou xurídica, xa sexa individualmente ou en forma conxunta con outros.

5. Podo enviar unha proposta que dea solución a varios retos?

Si, poderanse enviar propostas que aborden varios retos de forma conxunta. Con todo, solicítase que dita proposta se presente, co mesmo acrónimo, a todos os retos aos que pretende dar solución, xa que cada reto será traballado por un equipo diferente.

6. Como se realiza a presentación do formulario Anexo II? Pódese anexar algún documento adxunto máis detallado sobre a solución presentada?

A presentación de propostas de solución realizarase remitindo a documentación á caixa de correos de correo electrónico: cpi.industria@xunta.gal

As propostas de solución identificaranse cun acrónimo, o cal se indicará en todas as comunicacións no asunto do correo electrónico.

Para homoxeneizar e facilitar o envío dos resultados obtidos no desenvolvemento das propostas de solución, deberase cubrir o Anexo II (dispoñible para a súa descarga no Perfil do Contratante). Poderase acompañar o Anexo II con documentación adicional de soporte, de formato libre, que poderá identificarse como confidencial.

7. Será necesario determinar os orzamentos?

Os interesados deberán cubrir o formulario Anexo II. Un dos aspectos para introducir no mesmo é o orzamento, é dicir, o custo estimado derivado do desenvolvemento completo da solución proposta en euros (€). Este orzamento deberá incluír todos os custos para o desenvolvemento e validación da proposta presentada.

8. Existe un prazo límite de tempo para a presentación de propostas?

A data límite para a presentación das propostas é o 2 de outubro ás 14:00 horas. As propostas poderanse presentar en calquera momento durante o período comprendido entre a publicación da convocatoria e a data de finalización establecida.

9. Podo modificar a proposta mentres estea vixente o prazo de presentación?

Si, poderanse enviar sucesivas versións dunha proposta de solución, co mesmo acrónimo, pero cada proposta de solución enviada substituirá completamente á anterior. Por iso, a nova proposta de solución deberá incluír todo o que se considere que segue sendo válido das anteriores.

10. Establécese un TRL determinado para as solucións achegadas?

O Órgano de Contratación espera recibir propostas de solucións innovadoras, que superen a aquelas actualmente dispoñibles no mercado. En concreto, espérase recibir solucións que se atopen nun TRL de partida (nivel de madurez tecnolóxica, TRL polas súas siglas en inglés - Technological Readiness Level) comprendido entre o 4 e o 7.

11. Hai un investimento mínimo?

O Órgano de Contratación non se obriga a financiar nin a aceptar as propostas de solución presentadas nesta convocatoria. Unha vez realizada a definición das especificacións técnicas e/ou funcionais dos sistemas, servizos ou produtos a desenvolver (a partir das ideas de solucións innovadoras recollidas como resultado desta convocatoria) que servirán de base para a execución dun prototipo a escala real das solucións expostas co grao de concreción necesario, o Órgano de Contratación poderá iniciar, se así o considera, o correspondente procedemento de contratación.

12. Unha vez finalizado o proceso de Consultas Preliminares ao Mercado, como se pretende desenvolver o proxecto?

Preténdese que, a partir dos resultados da Consulta Preliminar do Mercado, o Órgano de Contratación teña coñecemento suficiente das solucións máis novas e óptimas existentes no mercado para o lanzamento dun ou varios eventuais procedementos de Compra Pública de Innovación.

Finalizada a consulta, o Órgano de Contratación, co fin de garantir a transparencia e igualdade de oportunidades entre os participantes dun eventual procedemento de contratación ulterior que se poida convocar, publicitará a información necesaria das propostas de solución, non designada como confidencial polos proponentes, e poderá publicar un "Mapa de Demanda Temperá" das futuras contratacións, con información relativa a obxecto e prazo, dos lotes ulteriores de contratación que se pretendan convocar.

13. Poden participar empresas estranxeiras no proceso?

Si, calquera empresa pode presentar propostas no procedemento de Consulta Preliminar de Mercado, a condición de que sexan presentadas en galego, castelán ou inglés.

Nas licitacións, estarase ao disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, artigos 65 e seguintes.

14. Como é a estrutura de financiamento do proxecto?

O proxecto poderase cofinanciar a través da liña FID do Ministerio de Ciencia e Innovación. Neste caso, o 60% do financiamento será achegada polo devandito ministerio, con fondos FEDER do P.O.2021-2027. O 40% restante será achegado polo Órgano de Contratación, ben con fondos propios ou ben empregando outras vías de cofinanciamento que este prevexa (achegas de axencias de promoción económica, investimentos etc.). En todo caso, as empresas que resulten adxudicatarias das licitacións non deberán cofinanciar o proxecto.

Polo menos o 80% do orzamento será destinado a licitacións de Compra Pública de Innovación e o 20% restante empregarase en actuacións de apoio (oficina técnica, contratación de persoal, investimentos, comunicación e publicidade etc.).

15. Se se presenta unha proposta conxunta entre varias entidades, tomarase como unha proposta indivisible ou poderán terse en consideración elementos concretos da mesma?

Tanto se se presenta unha proposta de forma individual como en asociación con varias entidades, o Órgano de Contratación poderá considerar de interese tanto a proposta no seu conxunto ou exclusivamente partes concretas da mesma.